

O ESTÍO DO ESQUÍO

Para Víctor,
luz dun canto

XABIER LIMIA DE GARDÓN



Para Víctor Campio é -estrela pre-sentida-, todo este sangue, á luz do seu canto. Grazas, por esa voz, por alzar no teu navío un mastro de amor e dor, a luz do teu canto. Grazas polo teu retablo sacro, mestre do manancial de Garabás, coa Martiñá de Cea (e o san Campio en Santa María de Covas) o San Trocado de Laias no eixo do ser. Grazas pola suave voz



e un doce dicir, pola morna mirada e o acolledor xesto. A voz da memoria doutros tempos, paxaro migratorio premonitorio con latitude, pois vai e volta, ten en ti unha torre de esperanza poética. Vogaches no teu mar, nauta da noite, para achegarnos á luz. Devanceiro da raza, doce viño escanciado neste barro prás libacións dos deuses imorrentes, Víctor amigo es a luz dun canto. Así acompañado polas verbas da túa poesía, ut supra, ensarilladas dun certo xeito, intuitivo, busco acompañarte dende a distancia, no Café Isaac cando o martes sete che entreguen o simbólico Premio Café Isaac de Artes 2009. E espallo, coa miña feble forza, a luz dun poeta insigne: Víctor Campio de nome, Pereira de apelido paterno González pola nai, é hoxe como unha pedra vella/ na rilleira dos tempos espetada!/ O Rocha para rotas/ para marcar no vento singraduras. Rexo mestre da poesía pura, dende a altura do teu maxisterio, eras xa como deixaches escrito, un Faro/ do vento montesío/ Pedra. Agora un pouco máis.